

Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2009

DENDE A
BIBLIOTECA



PENSANDO
“**NESA**”
CARTA ...

...que tod@s
pensades escribir ...




... a Reis de Oriente, Santas do Norte, Papanoeles, Apalpadores e demais xentes xenerosas, porque non hai crise no mundo que volo poda impedir. E como, outro ano máis, vimos que neses catálogos cheos de páxinas a toda cor que vos veñen repartir á saída do cole non hai UN SÓ libro, non quixemos ser menos e acolá vai o noso "catálogo" de suxerencias para pedichonear:

EDUCACIÓN INFANTIL:

- De Leo Leoni, en *Kalandraka*, catro libríños fantásticos do ratiño Frederick: **Onde?, Cando?, Que é?, Quen é?**. Como non teñen texto, @s máis pequenos poderedes lelos sos/as ou acompañad@s, e tamén contarllos a papá, mamá, aos avós e avoas, ao teu gatiño...

- Grisela- Anke de Vries- Factoría K.:** Esta ratiña non está nada contenta coa súa cor e decide cambiala, pero entón todos rin dela. Moi triste, métese na auga e ...



- Y tu dragón ¿cómo es?- J. Morris-Thule:** Nen@s de distintos países presentarán os seus dragóns, tan diferentes e maravillosos coma eles, e ti, tes dragón?


- Un becho extraño-Mon**

Daporta-Factoría K: Dalle voltas, dalle, que o mesmo que aparece, desaparece. Que bicho é?



- Fiz, o coleccionista de medos-F. Casallerrey-OQO:** Fiz ten moito, moito medo, por iso pode facer unha grande colección, queres coñecela?

- Picurruchos-Mar Pavón- OQO:** Os pimponciños son uns famentos e mamá pimpona xa non sabe que ha facer para alimentalos. Non pode facer nada prohibido... ou si?




MAMASES, PAPASES, PROF@S e demais adult@s:



- Sete palabras- S. de Toro-Xerais:** Viaxe do protagonista, á orixe da propia identidade; entre a reflexión e a terneza, a cultura occidental agroma dos xeitos de vida máis humildes.

- Dime algo sucio-D. Ameixeiras-Xerais:** A vida de distintas personaxes enléase nesta novela de intriga, onde conviven taxistas, grafiteiros, policía, vendedores de top manta...



- Areaquente-An Alfada-Sotelo Blanco:** Cristovo, fotógrafo que busca as fotos con arume, fuxe do desamor en Areaquente, cando a súa muller o abandona por outra.

- El fin del mundo y un despiadado país de las maravillas-H. Murakami- Tus-**

quets: No fin do mundo, un home queda sen sombra nin lembranzas entre unicornios de dourado pelaxe invernal. Paralelamente, un refinado informático nun Tokio do futuro, é requerido por un científico manipulador.

